



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE O ÍNDICE DE PRODUCCIÓN INDUSTRIAL

Novembro 2018


Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2019

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Índice de producción industrial (IPI). Novembro 2018

- O índice de producción industrial de Galicia rexistrou en novembro de 2018 un crecemento do 0,9% con respecto a novembro de 2017, mentres que a nivel nacional o índice retrocedeu un 2,8%.
- Tendo en conta o destino económico dos bens producidos, os bens de consumo, equipo e intermedios retrocederon un 1,2%, 2,6% e 4,2% respectivamente. Pola contra, a enerxía creceu un 12,8%.
- Por ramas de actividade as maiores achegas positivas corresponden á “producción de enerxía eléctrica” que achega 2,3 puntos, á “industria da alimentación” que suma 0,6 puntos, á “fabricación doutro material de transporte” que suma 0,5 puntos e á “fabricación de produtos metálicos” que engade 0,3 puntos á taxa interanual.
- Polo contrario, entre as ramas con maiores achegas negativas destacan a “confección de roupa de vestir” que minora 1,0 puntos, a “reparación e instalación de maquinaria” e a “fabricación de vehículos de motor”, que minoran 0,9 puntos cada unha á taxa interanual.

Índice de producción industrial (IPI). Novembro 2018



1. Índice xeral e por destino económico dos bens

O Índice de produción industrial (IPI) do mes de novembro de 2018 en Galicia acadou unha taxa interanual do 0,9%, empeorando en 5,3 puntos a taxa rexistrada no mes precedente (6,2%). En España rexistrouse un retroceso do 2,8%, empeorando en 6,4 puntos a taxa acadada no mes anterior (3,6%).

Por destino económico dos bens, a influencia dos distintos sectores na variación interanual do índice xeral é a seguinte:

- Os **bens de consumo** presentan unha diminución do 1,2%, o que ten unha repercusión negativa de 0,3 puntos no conxunto.
- Os **bens de equipo** rexistran unha caída do 2,6%, o que resta 0,7 puntos.
- Os **bens intermedios** decreceron un 4,2% cunha repercusión negativa de 1,2 puntos.
- Por último, a **enerxía**, que sube un 12,8% achegando 3,0 puntos á taxa de variación interanual.

Comparando cos crecementos interanuais de outubro de 2018, por destino económico, os bens de consumo empeoran 6,9 puntos, os bens de equipo empeoran 9,8 puntos, os bens intermedios empeoran 10,4 puntos e a enerxía mellora 6,7 puntos.

Estes datos móstranse no cadro 1 do anexo.

2. Índices por ramas de actividade

Se utilizamos a clasificación nacional de actividades económicas (CNAE 09) a nivel de división para facer unha análise máis detallada do comportamento das distintas ramas de actividade obtemos os resultados que se mostran no cadro 2 do anexo. As ramas de actividade están ordenadas segundo a repercusión que teñen no crecemento interanual do índice xeral.


As ramas que presentan as maiores achegas positivas á taxa interanual de novembro foron: “produción de enerxía eléctrica” que achega 2,3 puntos, a “industria da alimentación” que suma 0,6 puntos, a “fabricación doutro material de transporte” que suma 0,5 puntos e a “fabricación de produtos metálicos” que engade 0,3 puntos á taxa interanual.

No que respecta ás repercusións negativas, destacan a “confección de roupa de vestir” que minora 1,0 puntos, a “reparación e instalación de maquinaria” e a “fabricación de vehículos de motor”, que minoran 0,9 puntos cada unha á taxa interanual.

3. Índices por comunidades autónomas


Por Comunidades Autónomas o crecemento interanual do IPI neste mes moveuse entre o -19,4% de Extremadura e o 3,9% da Comunitat Valenciana. Ademais de Valencia, presentan crecementos interanuais superiores á media estatal: Madrid (3,6%), Castilla - La Mancha (2,9%), Galicia (0,9%), Aragón (-0,3%), Cantabria (-2,1%) e Navarra (-2,1%).

IPI novembro 2018 Taxas de variación en %



4. Evolución do índice

No seguinte gráfico mostramos a evolución das taxas de crecemento interanuais do índice xeral para Galicia e para España en termos de ciclo - tendencia que se obtén estimando un modelo ARIMA para cada unha das series, e obtendo o sinal de ciclo - tendencia utilizando a descomposición baseada en modelos que resulta do programa TRAMO-SEATS do Banco de España.



Notas metodolóxicas

O IPI é un indicador conxuntural que mide a evolución mensual da actividade produtiva das ramas industriais, é dicir, das industrias extractivas, manufactureiras, fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado e fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación, que son, respectivamente, as seccións B, C, D e E da Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE 2009). Mide, por tanto, a evolución conxunta da cantidade e da calidade producidas, eliminando a influencia dos prezos.

Para a súa obtención realízase unha enquisa continua de periodicidade mensual que investiga todos os meses a máis de 11.500 establecementos en España e 1.600 en Galicia.

Anexo cadros

Cadro 1.- Índice de produción industrial. Novembro 2018

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		REPERCUSIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO	INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia					
Xeral	111,5	0,9	5,4	--	--
Bens de consumo	112,5	-1,2	1,2	-0,3	0,3
Bens de equipo	103,2	-2,6	2,0	-0,7	0,5
Bens intermedios	118,6	-4,2	6,9	-1,2	1,9
Enerxía	112,3	12,8	11,5	3,0	2,7
España					
Xeral	109,5	-2,8	1,2	--	--
Bens de consumo	107,8	-1,8	-0,1	-0,4	0,0
Bens de equipo	119,0	-0,9	3,2	-0,2	0,7
Bens intermedios	111,6	-3,4	2,0	-1,1	0,6
Enerxía	98,8	-5,5	-0,8	-1,1	-0,2

Fonte: INE

Cadro 2.- IPI por ramas de actividade. Galicia. Novembro 2018

Ramas	VARIACIÓNS (%)				Ponderacións
	Interanual	Repercusión	No que vai de ano	Repercusión	
Total	0,9		5,4		
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire	12,1	2,3	11,3	2,1	22,3
Industria da alimentación	4,9	0,6	3,9	0,5	13,2
Fabricación doutro material de transporte	29,4	0,5	87,0	1,1	2,0
Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	3,3	0,3	5,5	0,5	7,7
Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cesteraría e espartaría	2,3	0,1	5,9	0,3	3,6
Fabricación de bebidas	2,9	0,1	4,0	0,2	3,5
Fabricación de mobles	5,7	0,1	-16,7	-0,3	1,1
Outras industrias manufactureiras	9,3	0,0	21,8	0,1	0,5
Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	1,0	0,0	4,5	0,1	2,0
Industria química	-0,9	0,0	8,1	0,1	1,5
Industria téxtil	-10,6	-0,1	-18,4	-0,1	0,6
Industria do papel	-4,8	-0,1	-0,3	0,0	2,2
Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes	-3,1	-0,1	10,1	0,5	5,1
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	-7,3	-0,2	5,5	0,2	2,6
Fabricación de material e equipamento eléctrico	-13,3	-0,2	10,5	0,2	1,4
Outras industrias extractivas	-28,5	-0,3	6,8	0,1	1,1
Fabricación de produtos de caucho e plásticos	-12,9	-0,4	-3,9	-0,1	2,5
Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	-7,4	-0,9	-7,9	-0,9	13,1
Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	-19,8	-0,9	4,9	0,2	4,1
Confección de roupa de vestir	-18,6	-1,0	-3,8	-0,2	4,1
Fabricación de produtos farmacéuticos	*	*	*	*	*
Industria do coiro e do calzado	*	*	*	*	*
Captación, depuración e distribución de auga	*	*	*	*	*
Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	*	*	*	*	*
Coquerías e refinación de petróleo	*	*	*	*	*
Industria do tabaco	-	-	-	-	-

Fonte: INE

(*) Poucas observacións mostrais, polo que o dato está afectado por un alto erro de mostraxe.

Cadro 3.- IPI por Comunidades Autónomas. Novembro 2018

CCAA	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
España	109,5	-2,8	1,2
Galicia	111,5	0,9	5,4
Andalucía	104,3	-8,5	-2,7
Aragón	115,7	-0,3	1,4
Asturias	114,0	-3,9	2,6
Baleares (Illes)	83,0	-10,7	-2,8
Canarias	100,2	-7,4	0,4
Cantabria	113,7	-2,1	7,1
Castilla - La Mancha	107,0	2,9	0,3
Castilla y León	101,7	-4,9	1,9
Cataluña	114,0	-4,3	1,6
Comunitat Valenciana	109,7	3,9	1,2
Extremadura	84,5	-19,4	2,1
Madrid	110,0	3,6	1,8
Murcia	111,9	-11,2	-0,3
Navarra	103,3	-2,1	1,1
País Vasco	112,7	-5,4	0,7
Rioja (La)	96,9	-10,2	-4,1

Fonte: INE